



## ANUNCIO - CONTRATO INTERINIDAD TRABALLADORA SOCIAL

O 26.02.2018 ditouse a Resolución de alcaldía núm. 223/2018 que di:

“[...]PRIMEIRO.- Requirir a Pilar Couce Freire, co DNI núm. 32638180.F, que no prazo improrrogable de tres días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución na páxina web do Concello, presente a seguinte documentación:

- Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas de traballadora social.
- Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separada nin inhabilitada do servizo público.

Se no prazo indicado a aspirante non presenta a documentación requirida ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto” non poderá ser contratada e pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior.

SEGUNDO.- Proceder á contratación, unha vez presentada a documentación requirida, de Pilar Couce Freire como traballadora social, baixo a modalidade de contrato temporal de interinidade por substitución.

O contrato será a xornada completa con data de inicio o 01.03.2017 e ata a reincorporación da traballadora substituída.

TERCEIRO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do concello.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución na páxina web do concello.”

Fene, 26 de febreiro de 2018  
O alcalde  
Juventino José Trigo Rey.

C.I.F.: P-1503600-G